

<http://www.xornal.com/artigo/2010/08/07/politica/figura-reboiras-pouco-reconecida-polos-sindicatos-nacionalistas/2010080622503800792.html>

Manuel Reboiras: “A figura do meu irmán é pouco recoñecida polos sindicatos nacionalistas”

O militante da UPG asasinado polo franquismo hai 35 anos recibe hoxe unha homenaxe en Imo (Dodro)

Hai un ano, o Ministerio de Xustiza recoñeceu oficialmente a Moncho Reboiras como vítima da ditadura. Máis de tres décadas despois, o Estado asumía a persecución e represión que este militante da UPG e sindicalista sufrira por parte do réxime fascista. Daquela reparación civil, moita xente quedou fóra polo seu carácter institucional. Hoxe, cinco días antes de que se cumpran 35 anos do seu asasinato por parte da policía franquista, Moncho Reboiras recibirá unha homenaxe popular no cemiterio de Imo (Dodro).

Logo de que o Estado recoñecese a seu irmán como vítima do franquismo, é a homenaxe de hoxe a culminación dunha loita pola dignidade?

A culminación non é de nada, é un paso moi importante que se recoñeza a Moncho [Reboiras] como vítima da ditadura, pero a súa figura está moi oculta, é moi descoñecida e a información que hai del é moi terxiversada. A min interésame que a súa figura sexa coñecida, ademais de recoñecida, sobre todo pola mocidade. Non temos proxectos de ningún tipo sobre el, máis aló de clarificar certas interpretacións non moi fidedignas sobre o seu compromiso político e militante, sobre todo na súa faceta política, cultural, sindical e organizativa, onde ten grandes valores que se descoñecen.

Que é o que máis se descoñece?

O que máis se descoñece é todo. A mocidade non sabe quen é Moncho; algúns saben que foi un mártir e valoran esa idea de entrega e morte violenta, pero todo o que foi a loita dos anos 70 contra a ditadura e o asentamento do nacionalismo como forza organizada, sindical e culturalmente, está oculto.

Por que cre que ocorre isto?

A nivel sindical, por exemplo, é curioso que sendo Moncho o primeiro que inicia o xermolo obreiro do sindicalismo e da política nacionalista, que os sindicatos nacionalistas deste país non teñan ningún tipo de organismo que leve o seu nome. Esa é unha cuestión que habería que solventar.

É unha figura sobrevalorada por algúns e infravalorada por moitos?

Eu creo que non está valorado por ninguén, está agochado no máis recóndito deste país. Si que ocorre que, ás veces, cando se quere dar unha imaxe de radicalismo ou de posturas de combate, si que aparece, pero todo o papel que fixo Moncho a nivel organizativo, ao constituír os primeiros xermolos sindicais ou culturais, darlle coherencia a unha organización nacionalista na súa opción frentista... Todo iso, hoxe por hoxe, está esquecido. Se buscas en Internet, de Moncho Reboiros só atopas catro cousiñas. O que eu lamento é que a nivel sindical, co sindicalismo importante que temos, Moncho non teña un mínimo recoñecemento.

Debe ser reivindicado só polo nacionalismo?

O que ten que reivindicalo é o nacionalismo porque Moncho pertencía a unha ideoloxía e a un partido, pero eu non culpo a ninguén desta falta de recoñecemento ou pouca visibilidade. Iso si, a min pasáronme cousas desagradables que chegaron a atentar contra a propia integridade do que foi Moncho.

Como cales?

Por exemplo, eu comecei a colaborar cunha película documental que se quería facer sobre el. O guión era lamentabilísimo, cunha falta de rigor histórico, con ignorancia absoluta total daquel tempo, mesturando cousas... Iso preocúpame moito porque os que loitamos naqueles anos aínda estamos vivos e sabemos o que pasou e supoñemos que os intelectuais que queiran facer estas cousas teñen que documentarse e non inventar historias.

Que imaxe se ofrecía del?

Era unha historia de vaqueiros, gangsterismo puro e duro. Preocúpame que veñan uns señores, coas súas subvencións, e que monten unha película como se aquí houbera uns aventureiros e, no entanto, non se mencionen cousas importantes que se fixeron naqueles principios dos 70. Moléstame que se dea unha imaxe que non corresponde.

Que propón, daquela?

En xeral, eu entendo que de Moncho non hai intención ningunha de dar a coñecer nada. Hai unha ocultación, aínda que se manteña a súa esencia. Miña filla ten compañeiros na Universidade que teñen imaxes de Moncho na cabeceira da cama e para eles é un mártir, pero logo non saben nada da súa historia nin do que supuxo aquela época. E non é culpa de ninguén, é culpa de todos.

Non se fai o suficiente a nivel político por recoñecer a súa figura?

Podían facer máis, pero tamén sei que hai quen fai todo o que pode e quen fai o que lle convén. A min preocúpame moito máis a posición sindicalista. Coa representación que ten hoxe en día o sindicalismo, é estraño que non teña máis recoñecemento da figura de Moncho, máis aló que facer un artigo de vez en cando.

Mete no saco a todos os sindicatos?

Que lle vou pedir aos sindicatos estatais? Eles teñen as súas propias figuras. Eu falo dos nacionalistas, porque se hoxe hai unha central sindical galega importante, tamén é porque o xermolo e os primeiros brotes organizativos puxéronos Moncho e Camilo [Nogueira], xunto con outros colectivos. Figuras como estas deberían potenciarse, coñecerse e seren un orgullo para uns sindicatos que as tiveron no seu xerme. Non vexo que esta proxección e este recoñecemento exista.

Que pensa cando ve o rostro do seu irmán en carteis ou bandeiras?

Pois non o vexo moito, lamentablemente. Eu sei o que di miña filla dalgúns compañeiros que se emocionan cando saben que é a sobriña del. No entanto, ela sempre lles pregunta que saben da súa figura e, cando profunda un pouco, ve que a maioría deles non saben demasiado, máis aló de ter unha militancia política.